

Vilalba, 29 de maio de 2019

## ACTO DE ENTREGA DE PREMIOS DO **XXI CERTAME LITERARIO** **BENJAMÍN PAZ** **e DAS LETRAS GALEGAS 2019**

O venres, día 31 de maio de 2019, ás 19:00 horas, no Auditorio Municipal de Vilalba, o CEIP "Antonio Insua Bermúdez" organiza o acto de entrega de premios do XXI Certame Literario e de Debuxo Benjamín Paz e das Letras Galegas.

Este Certame englobase dentro das actividades que o Colexio programa co gallo das Letras Galegas tendentes a fomentar a creatividade artística e literaria, por un lado, e a potenciar o idioma galego cara a consecución da súa plena normalización lingüística, por outro.

Nesta ocasión, ademais dos apartados habituais da lectura de acta, entrega de premios, recitados e agradecementos, contaremos con dous apartados máis:

- O **teatral**, coa posta en escea da obra de Álvaro Cunqueiro "Escola de Menciñeiros", a cargo do alumnado de 5ºB, dirixidos pola súa titora María Guerrero.
- O **musical**, coa intervención do grupo de 2º de Primaria, que cantarán QUEREMOS GALEGO, canción de Pablo Díaz, e do grupo de 6º de Primaria que porán remate ao acto coa interpretación do Himno Galego.

### RELACIÓN DE PREMIADOS, PREMIADAS e ACCÉSITS NO XXI CERTAME BENJAMÍN PAZ

MODALIDADE	CATEGORÍA	TÍTULO	AUTOR/A	COLEXIO	PREMIO
POESÍA	1º CICLO (1º-2º)	AS BOLBORETAS	ANTÍA GARCÍA GONZÁLEZ	CEIP DE MUIMENTA	1º PREMIO
POESÍA	2º CICLO (3º-4º)	A TORRE QUE FUXÍU DUNHA PARTIDA DE XADREZ	JESÚS RAMIL BLANCO	CEIP ANTONIO INSUA BERMÚDEZ DE VILALBA	1º PREMIO
POESÍA	3º CICLO (5º-6º)	AS ABELLAS	MARÍA OTERO DÍAZ	CEIP MANUEL MATO VIZOSO DE VILALBA	1º PREMIO
NARRATIVA	1º CICLO (1º-2º)	O MISTERIO DA CIDADE ROMANA	VALERIA BELLAS LEAL	CEIP "ANTONIO INSUA BERMÚDEZ" DE VILALBA	1º PREMIO
NARRATIVA	2º CICLO (3º-4º)	A GRANXA DE CRISTINA	ANDREA PAZ BALSEIRO	CEIP "ANTONIO INSUA BERMÚDEZ" DE VILALBA	1º PREMIO
NARRATIVA	3º CICLO (5º-6º)	UN MURO CONTRA A IGUALDADE	INÉS PENA TRASTOY	CEIP MONSEIVANE DE MOREDALANZÓS	1º PREMIO
DEBUXO	INFANTIL 3 ANOS		CARLA TEIJEIRO VILLARES	CEIP "ANTONIO INSUA BERMÚDEZ" DE VILALBA	1º PREMIO
DEBUXO	INFANTIL 4 ANOS		LEO LÓPEZ LÓPEZ	CEIP LAGOSTELLE DE GUITIRIZ	1º PREMIO
DEBUXO	INFANTIL 5 ANOS		SARA SOFÍA PAZ CORTÉS	CEIP ANTONIO INSUA BERMÚDEZ DE VILALBA	1º PREMIO

ACCÉSITS					
MODALIDADE	CATEGORÍA	TÍTULO	AUTOR/A	COLEXIO	PREMIO
POESÍA	1º CICLO (1º-2º)	O LEÓN	ADRIÁN DARRIBA PERNAS	CEIP DE MUIMENTA	ACCÉSIT
POESÍA	1º CICLO (1º-2º)	PRIMAVERA	SAMUEL VÁZQUEZ RODRÍGUEZ	CEIP DE MUIMENTA	ACCÉSIT
NARRATIVA	2º CICLO (3º-4º)	A FÁBULA DO OSO ABEL	MATÍAS MORANDEIRA FRAGA	CEIP "ANTONIO INSUA BERMÚDEZ"-VILALBA	ACCÉSIT
NARRATIVA	3º CICLO (5º-6º)	UN DÍA NA MIÑA CASA	ÁLEX DÍAZ BARREIRA	CEIP "ANTONIO INSUA BERMÚDEZ"-VILALBA	ACCÉSIT

## PUBLICADO UN NOVO NÚMERO DA REVISTA ESCOLAR A PRAVIA



Así mesmo, nestes días o CEIP "A. Insua Bermúdez" edita un novo número da revista escolar A PRAVIA, coincidindo co mes das Letras Galegas, que fai o número 70, nos corenta anos que leva publicándose.

Os principais temas que aparecen na mesma son: diversos e variados traballos sobre o escritor homenaxeado este ano, o escritor **Antón Fraguas**, que inclúe biografía, bibliografía, pasatempos, escolma e cómic sobre a súa figura; entrevistas a unha mestra e dous mestres do noso Colexio, **Ánxeles Eimil, Tino Alvite e Arturo Gómez**, que despois de moitos anos de docencia causan baixa por mor da súa xubilación; unha ampla reseña do **XXI Certame Benjamín Paz**; os **traballos das aulas**; as **noticias do Cole** (resumo con texto e fotos de todo o acontecido no curso 2018-2019); os nosos **murais**; un artigo

de orientación escolar; a páxina de **ANPA**; os traballos de **investigación**, e tamén un apartado de **recensións** de libros lidos por algúns dos membros do equipo de redacción.

A revista repártese gratuítamente a todos os membros da comunidade educativa, aos centros educativos da bisbarra, ás diferentes institucións públicas así como aos organismos públicos, asociacións culturais, medios de comunicacións, etc.

**CEIP "A. INSUA BERMÚDEZ" DE VILALBA**

**29-05-2019**